

Pontevedra, 7 de xaneiro do 2027

## Discursos :: Remate Ano Castelao

---

### Fiama

Hoxe lembramos a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, pero non só como escritor, artista ou político.

Hoxe lembramos a Castelao como emigrante. Como alguén que tivo que marchar da súa terra, levando Galicia na memoria e no corazón.

Castelao viviu o exilio na Arxentina. Alí pensou, escribiu e soñou Galicia desde lonxe. Unha Galicia que doía, pero que tamén daba forza. Porque cando unha persoa marcha, a terra non desaparece: vólvese máis intensa.

E hoxe, ao falar de Castelao, non podo evitar pensar no meu bisavó Bernardo. El tamén emigrou á Arxentina. Non escribiu libros nin deu discursos, pero escribiu a súa historia con traballo, esforzo e silencio. Como tantos galegos e galegas que cruzaron o océano na procura dun futuro mellor. Castelao e o meu bisavó non se coñeceron. Pero compartiron algo esencial: a experiencia de deixar atrás a terra que amaban e a necesidade de non esquecerla nunca.

E entón xorde a pregunta: e se hoxe vivise Castelao? Quizais se preguntaría polos netos e bisnetos daqueles emigrantes. Polos que medraron escoitando historias de Galicia desde lonxe. Polos que hoxe buscan papeis, raíces e apelidos. Polos que senten que pertencen a un lugar que non sempre pisaron, pero que sempre habitaron.

Tal vez Castelao nos diría que emigrar non rompe a identidade, senón que a pon a proba. Que a memoria é unha forma de resistencia. E que un pobo que lembra nunca desaparece.

Os movementos migratorios non son só viaxes. Son decisións difíciles. Son despedidas. Son raíces que se estiran sen romper. E esa historia non rematou con eles. Porque moitos anos despois, a miña nai —neta de emigrantes—volveu a Galicia.

Como tantos outros fillos e netos que regresan. Eu nacín aquí, nesta mesma terra que un día foi deixada atrás e que, porén, nunca deixou de chamar.

Se Castelao vivise hoxe:



Quizais miraría estes camiños de ida e volta. Quizáis pensaría nos netos e bisnetos daqueles emigrantes. En quen medrou escoitando falar de Galicia desde lonxe e un día sentiu que tiña que volver.

Tal vez diría que a identidade non entende de fronteiras. Que unha terra non se mide só en quilómetros, senón en memoria, afecto e pertenza. Que Galicia vive alí onde alguén a lembra, a nomea ou decide regresar.

Hoxe, ao celebrar a Castelao, celebramos tamén a todos os Bernardos anónimos. Aos que marcharon. Aos que soñaron Galicia desde lonxe. E aos que, xeración tras xeración, seguimos facéndonos as mesmas preguntas:

Quen somos?

De onde vimos?

E que facemos con esa herdanza?

Castelao ensinounos que Galicia non é só un lugar no mapa. É unha historia compartida. E mentres esa historia siga viva, mentres alguén a lembre, mentres alguén volva, Castelao seguirá presente.

## **Francisco**

E que Castelao siga presente logo de 75 anos do seu pasamento non é casualidade. O seu discurso foi tan potente e transgresor que encaixaría perfectamente agora por moitas razóns. Se no seu tempo Castelao denunciou, o silencio imposto sobre a nosa lingua e hoxe, que temos aparente liberdade para falala, o galego é lingua minoritaria por primeira vez (segundo datos do IGE). Por iso seguen sendo de triste actualidade as súas reivindicacións sobre a lingua.

Ademais da situación do idioma, Castelao tamén denunciaría outras realidades. Os discursos de odio, as desigualdades sociais e as múltiples formas de discriminación que hoxe seguen presentes tamén atoparían unha resposta contundente nel, quen xa en “Sempre en Galiza” rexeitaba o racismo e toda ideoloxía que negue a dignidade humana, defendendo un galeguismo humanista, aberto, solidario e radicalmente contrario á intolerancia.

Se Castelao vivise hoxe, seguramente a canle de difusión que usaría sería as redes sociais. Mais seguiría loitando nas rúas, eu imaxínoo percorrendo Galicia, en auxilio dos máis necesitados, porque a súa solidariedade non era só no ámbito teórico, e aínda que Castelao pouco exerceu de médico, non dubidaba en socorrer en casos extremos ou cando os servizos públicos eran insuficientes. Hoxe en día ía ter traballo abondo: a pandemia, a gripe, as guerras, as listas de espera nos centros de saúde, a vivenda,... De todas formas pódese axudar de moitos xeitos diferentes ao



humanitario, a crítica e reivindicación, mesmo se ven enfiada de cartel, poema ou lance, son formas mais contemplativas e timas de protesta, pero tamén máis duradeiras.

Castelao foi un exemplo no seu tempo mais hoxe tamén podo dicir que é un exemplo para min, un estudante de 2ºbach que pretende facer Medicina, xa que, usando as súas palabras, na vida “os soños primeiro e as ideas despois, crean feitos históricos”. El foi un alumno de artes, estudou medicina (por amor ao seu pai aínda que non exerceu por amor á humanidade) e desenvolveuse na pintura, na literatura, na caricatura, na docencia, na política... Castelao é un exemplo que non temos que poñernos límites, que podemos explorar moitas facetas de nós mesmos, sen que unha nota da selectividade ou unha carreira defina o noso futuro. Cando ás veces cargamos có peso das expectativas familiares e escollemos estudos que non nos representan, esquecemos que o futuro non é unha sentenza, senón un territorio que pode reescribirse e mudarse as veces que faga falta. Castelao amosounos que nunca debemos renunciar aos nosos soños e tamén a crer que outros mundos, máis xustos e solidarios, son posibles.

Gustaríame lembrar esta frase do rianxeiro universal “ningún pobo por moi ilustre que sexa poderá expresar no noso nome as fondas dores, os íntimos sentimentos e as duradeiras esperanzas do noso pobo galego, se aínda somos diferentes e capaces de existir non é mais que por obra e graza do noso idioma” Non debemos interpretar esta mensaxe como unha proclamación de superioridade: celebramos o que somos sen negar nin diminuír o que outros son. Porque na nosa lingua reside a nosa esencia, a herdanza que nos fixo ser como somos, e a partir da cal poderemos decidir o que queremos ser.

### **NATASHA:**

Castelao loitou por Galiza e en contra das inxustizas como político, mais tamén como artista, debuxante, e escritor. A arte non era só un pasatempo: era unha ferramenta de cambio social, unha arte non só estética, senón tamén útil e transformadora, unha arte que servía para reflectir a realidade, reflexionar sobre ela e cambiala para mellor. E cría na dignidade da lingua e da cultura galega. Por unha arte accesible para todos e todas, non exclusiva dunha minoría. Unha arte que transcende o tempo, por iso as súas obras tiveron un grande impacto no país; non hai filtro que borre esa marca que deixou na historia, que bosquexou e debuxou coas súas propias mans.

E sempre co apoio de Virxinia, a súa muller e compañeira de vida, que foi os seus ollos cando el apenas podía ver. Virxinia compartiu a vida e a loita, tendo valor por ela mesma e non só por ser “muller de”. De xustiza é que recoñezamos o seu nome, o seu traballo e o seu legado. E se hoxe podemos ver a obra de Castelao no Museo de Pontevedra, é grazas a ela. Se Castelao vivise hoxe,



como republicano que era, estaría feliz de ver que unha rúa que levaba o nome dun rei mudase ao nome de Virxinia.

E se Castelao vivise hoxe, tamén defendería a Terra e o Planeta. Preocuparíalle o cambio climático, os montes cheos de eucaliptos e os incendios que chegan a queimar un país enteiro. Xa o dixo no seu tempo: “Vale máis unha terra con árbores nos montes ca un estado con ouro nos bancos.” Castelao cruzou o océano buscando liberdade; hoxe ese mesmo océano é o que eu quero estudar, porque coidar do mar tamén é coidar de Galicia. Agora, a responsabilidade de seguir co seu legado tamén é nosa.

## **FIZ**

Se eu puidese destacar algo de Castelao, sería o seu silencio ausente, xa que era un tipo que non sabía calar cando arredor cheiraba a podre, porque cando cheira a podre tes dúas opcións, ou tapas o nariz, o dis que fede. O franquismo fedeu, e aínda fede, porque non só foi unha ditadura, foi unha maneira de ensinarnos a vivir agochados ser facer ruído, a seguir o que xa está escrito e non meterse en leas.

Castelao rompeu, non repetiu. E pagouno caro, pero deixou algo moi claro, cando che rouban a voz e ti segues a falar, gañaches.

Agora din que estamos nun tempo novo, que xa non hai censura, que estamos progresando coa IA, progresando para quen? Agora non nos silencian, non nos fusilan, mis agora contrólannos cunha máquina

que non pensa, que non sofre, que non esquece os mortos porque nunca os coñeceu. Se Castelao vivise hoxe, estaría en contra da IA, A IA escribe e debuxa sen medo e sen memoria, e isto máis que neutral, é perigoso, porque o poder sempre soñou cun mundo onde a xente non pense, non teña que escribir e non se equivoque. Antes, o franquismo calaba a xente a hostias, agora calamos por comodidade, antes prohibíanse as palabras, agora, danse respostas feitas. Acaba sendo o mesmo, quitánnos a voz para que pensemos que non a necesitamos.

Escribir, falar, pensar é un acto político, e Castelao non quería un pobo calado, quería un pobo vivo, un pobo ruidoso, molesto, libre, que se contradí e se equivoca, e aínda así, insiste.

Así que non, Castelao non é cousa do pasado, é cousa de quen decide falar e non delegar a súa voz en ninguén. E xa está, non hai conclusión bonita, ou falamos coa nosa voz ou falan por nós, o franquismo facíao a golpes, agora non fai falla porque xa agochamos a cabeza, Castelao non a



baixou, e se molesta, mellor, porque un cando deixa de incomodar é cando os outros gañan. E eu non penso calar, porque se aínda son galego é por obra e gracia do idioma, moitas grazas.